



Servizo Provincial de Costas
Ronda da Muralla, 131-1º
27004 - LUGO

Exp. 52/2024.

Asunto: Museo de Carpintería de ribeira en San Ciprián, Cervo.

San Ciprián é unha poboación do Concello de Cervo eminentemente turística que procura un crecemento urbanístico e social baseado na protección das súas costas, non en balde a súa forma peninsular confírelle un protagonismo especial ás súas múltiples praias.

No ano 2002 o Concello de Cervo puxo ao dispor do Servizo Provincial de Costas os terreos precisos para executar as obras relativas ao "Proxecto de Paseo peonil da Ría de Lieiro á praia de Limosa, San Ciprián". Complementario ao devandito proxecto, nuns terreos que albergaban unha carpintería de ribeira, levou a cabo un edificio destinado a Museo de Carpintería.

Posteriormente no ano 2017 dende o Concello de Cervo solicitouse a Costas:

"-O uso e adecuación das instalacións existentes e posibles ampliacións do edificio destinado a Museo de carpintería coa finalidade de adaptar as actuais instalacións ás necesidades dunha carpintería de ribeira.

-Que se outorgue unha concesión ao Concello para poder levar a cabo as obras necesarias para adaptar as instalacións do museo de ribeira ás necesidades dunha carpintería de ribeira".

Visto canto antecede, ábrese a posibilidade de reformular a solicitude feita no ano 2017, polo que se SOLICITA A COSTAS o seguinte:

a).- Que as actuais instalacións existentes se utilizarán unicamente como do edificio destinado a uso museístico. Polo tanto, siga coa súa condición de Museo de Carpintería, para o que foi dende o principio destinado.

b).- Por outra banda, o Concello de Cervo, fixo unha pequena análise do entorno do museo citado e do paseo marítimo que descorre a carón da ría de Lieiro.

Tras facer unha visita da zona chegouse á conclusión de que toda a superficie verde que rodea ao edificio máis a antiga fábrica de salazón, ofrecen un espazo aberto para poder realizar exposicións ao aire libre.

Trataríase de crear un espazo expositivo para elementos que dentro do edificio non sería viable expoñer (pola limitación das dimensións do mesmo), de temas relacionados co mar, fauna mariña, oficios tradicionais do mar. Trataríase en todo caso de elementos acordes co entorno e perfectamente integrados nel. Un espazo de exposición, esparcemento e mostra da cultura que sería o complemento idóneo para o uso que describimos do edificio.





Concello de Cervo

27891 CERVO (Lugo) - Tfno.: 982 55 77 77 - Fax: 982 55 77 29 - C.I.F.: P-2701300-B

E por todo isto solicitamos tamén a concesión destes terreos e construcións (museo carpintería Ribeira e fábricas de salazón) dos que o concello se faría cargo do seu mantemento como xa se ven facendo.

A alcaldesa

María Dolores García Caramés

Documento asinado electronicamente á marxe.

